

## O tribunal supremo *dixit*: Atraco = Risco laboral

O alto tribunal confirma integramente a sentenza da Audiencia Nacional do 12 de marzo de 2007, desestimando cada unha das alegacións presentadas pola patronal de Caixas de Aforros no recurso de casación que interpuxo contra a dita sentenza á demanda de COMFIA-CCOO e CSICA, na que xa entón se nos daba a razón.

O Tribunal Supremo declara que «o atraco a unha entidade bancaria ten carácter de risco laboral, xa que supón a posibilidade de que un traballador sufra un determinado dano derivado do traballo, constituíndo o dano as doenzas, patoloxías ou lesións sufridas con ocasión do traballo».

Comprendemos a perplexidade que pode supor esta nova porque é lóxico pensar: **Se o atraco nunha entidade bancaria non é un risco laboral... que é?**

**Esta sentenza impón a obriga de revisar as avaliacións de riscos laborais efectuadas nas entidades, tendo en conta a posibilidade de que os traballadores e traballadoras sufran actos violentos.** Así mesmo, han incluírse no Plan de Prevención as posibles medidas preventivas ou correctoras que deban aplicarse para unha protección eficaz da súa saúde e integridade. Ademais, deben considerar o atraco

entre as situacións do Plan de Emerxencia, e dar unha formación eficaz aos traballadores referentes ao risco. Do mesmo modo, declara o dereito dos representantes dos traballadores a ser informados e consultados en todo o relativo a estes temas.

**Ata a data, Banco Sabadell, dentro da súa filosofía habitual de que a saúde dos traballadores é un custo, non recoñece o atraco como risco laboral,** malia as numerosas peticións neste sentido que realizou a representación de CCOO no seo do Comité de Seguridade e Saúde (CESS).

As razóns argumentadas pola empresa foron simplemente de carácter dilatorio: a última, que a sentenza estaba recorrida diante do Tribunal Supremo. Pois ben, xa se pronunciou e cremos que esgotaron os seus argumentos.

Esperamos que se reconsidera esta postura e logremos pasar ao estadio da **aplicación da sentenza en todos os seus puntos,** para así mellorar as medidas de seguridade e o tratamento das secuelas que un atraco deixa nas persoas afectadas.

Outubro de 2008

**Conéctate á nosa web: People > Seccións Sindicais > COMFIA-CCOO > [http:// www.comfia.net/bs/](http://www.comfia.net/bs/)**

Boletín de afiliación	Enviar a ➔	3532-0002 CC.OO.	Sinatura
Nome	Ofi.:		
Domicilio			
Poboación	C.P.:		
Cta. de cargo		DNI	Data / /

Os teus datos serán incorporados a un ficheiro titularidade de CC OO integrado polos ficheiros pertencentes á confederación ou unión rexional correspondente, segundo o lugar onde radique o teu centro de traballo, á federación do sector ao que pertenza a empresa na que traballes, así como —en todo caso— á CSCCOO. No seguinte URL podes consultar os diferentes entes que compoñen CC OO: <http://www.ccoo.es/sindicato/sindicato.html>. A finalidade do tratamento dos teus datos por parte de todos eles é o mantemento da túa relación como afiliado/a, coas concretas finalidades establecidas nos estatutos. Ademais do indicado, os teus datos poden ser empregados por CC OO para che remitir información sobre as actividades e acordos de colaboración que se establezcan con outras entidades. Sempre estarás informado na web de CSCCOO (<http://www.ccoo.es>) dos ditos acordos e dos datos desas entidades. Podes exercer os teus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, se for o caso, oposición, enviando unha solicitude por escrito acompañada da fotocopia do teu DNI dirixida a CSCCOO con domicilio sito na R/ Fernández de la Hoz n.º 12, 28010, Madrid. Deberá indicar sempre a referencia «PROTECCIÓN DE DATOS». Se tes algunha dúbida ao respecto podes remitir un correo electrónico a [lopd@ccoos.es](mailto:lopd@ccoos.es) ou chamar por teléfono ao 917028077.